



Modificación da RESOLUCIÓN DEFINITIVA do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe de centros docentes seleccionados para desenvolver no curso 2020/21 o programa Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade.

A Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria, secundaria, educación especial e formación profesional dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que desexen participar no programa "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade", de 10 de xullo de 2020, establece as bases para a selección destes centros.

Unha vez rematado o procedemento de selección establecido na citada convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros que son autorizados para o desenvolvemento do programa.

A base décima segunda 2 da citada convocatoria establece que publicárase a selección dos centros no Portal Educativo e será comunicada por correo electrónico a todos os centros solicitantes.

A base décima segunda 3 establece que contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

RESOLVE:

Autorizar os centros educativos que se relacionan no anexo desta resolución para o desenvolvemento de programas dirixidos á mellora do éxito escolar.

Santiago de Compostela,

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO

Resolución dos centros seleccionados e excluídos para desenvolver no curso 2020/21 o programa *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*.

Seleccionados:

- CEIP Plu. Eladia Mariño de Cabanas, A Coruña
- CEIP Almirante Juan de Langara y Huarte de Ferrol, A Coruña
- CEIP Plu. A.D.R. Castelao de Rianxo, A Coruña
- CEIP O Foxo de A Estrada , Pontevedra
- CEIP Soutelo de Montes, Forcarei, Pontevedra
- CEIP Plu. Infante Felipe de Borbón de Salvaterra do Miño, Pontevedra
- IES Fermín Bouza Brey de Villagarcía de Arosa, Pontevedra
- CEE Saladino Cortizo de Vigo, Pontevedra
- CEIP do Cervo de Cervo, Lugo
- IES Xesús Taboada Chivite de Verín, Ourense

Excluídos :

- CEIP Plu Maria Barbeito e Cerviño de A Coruña , A Coruña
- CEIP Plu. De Centieiras de Fene, A Coruña
- CEIP da Cruz de Nigran, Pontevedra

